

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------|----------|---------------|
| 36019256 | IES de Vilalonga | Sanxenxo | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Proxecto competencial | 4º ESO | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 8 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 9 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 9 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 9 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 10 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 10 |
| 7.2. Actividades complementarias | 11 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 11 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 12 |
| 9. Outros apartados | 12 |

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Para que todos estes aspectos fosen realmente relevantes, as tres unidades didácticas das que consta, foro propostas de mutuo acordo entre as docentes e o alumnado dos dous grupos nas que se vai a desenvolver, sendo escollida unha por cada un dos grupos e a outra polo equipo docente que vai impartir a materia.

Outros aspectos que foron tidos en conta á hora de deseñar a presente programación son os relativos ao centro: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Neste sentido, á hora de escoller a UDI proposta polas docentes, tivo especial relevancia a coordinación co plan de formación global que se leva a cabo anualmente para todo o alumnado da ESO, no que se vén traballando diferentes temas de xeito interdisciplinar axeitados ao alumnado de cada curso. As outras dúas foron resultado, cada unha delas, da elección do alumnado que conforma o propio grupo e entre os temas que eles/as mesmos/as propuxeron.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. | 1 | | | 1 | 1-5 | 3 | 1-2-3 | |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran. | 1-3 | | 5 | 3 | 1-3 | 2 | 3 | |
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3 | 3 | 2-3 | 1-3 | | | 3-4 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | "Non sexas animal!" | Análise dos aspectos máis relevantes da Lei de protección e benestar animal e difusión dos mesmos. | 33 | 13 | X | | |
| 2 | Xente con Don. | Prevención da transmisión de enfermidades de transmisión sexual. | 33 | 10 | | X | |
| 3 | Terrorismo. Que sabemos? | Análise e posta en común da orixe e consecuencias do terrorismo que sufriron e/ou sofren, a día de hoxe, algunhas zonas do mundo. | 34 | 12 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 1 | "Non sexas animal!" | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia da temática escollida. | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto | | |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. | | |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar as distintas fases do proxecto. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir. | | |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Esforzarse por aplicar os coñecementos axeitados e por mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar a maioría dos recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver, con certa axuda, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | | |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | | |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | E esforzarse por empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Esforzarse por empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Esforzarse por potenciar as emocións positivas na exposición e por controlar a conduta asociada ás emocións negativas. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar algún recurso dixital, audiovisual ou plástico como apoio na presentación do proxecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2 | Xente con Don. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | | |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | | |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | | |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións planificadas. | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar recursos e materiais necesarios. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados. | | |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | | |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--------------------------|-----------------|
| 3 | Terrorismo. Que sabemos? | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia da temática escollida | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar os recursos e materiais para a realización do proxecto. | | |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | | |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar as fases do proxecto | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento do proxecto. | | |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar o proxecto segundo a temporalización prevista. | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Esforzarse por aplicar os coñecementos axeitados e por mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver, con certa axuda, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | | |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | | |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Esforzarse por empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Esforzarse por empregar unha linguaxe corporal e unha presenza escénica axeitadas. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Esforzarse por potenciar as emocións positivas na exposición. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar algún recurso dixital, audiovisual ou plástico na presentación do proxecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo do curso levaranse a cabo tres pequenos proxectos, un por trimestre. Cada un deles correspóndese cunha das tres UDI da programación.

En cada proxecto desenvolveranse diferentes actividades, todas elas dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. A finalidade das mesmas será a de fomentar o coñecemento de diferentes aspectos da realidade que nos rodea cunha visión crítica, o respecto por outras persoas e polos animais, o respecto pola propia saúde e pola saúde dos demais, o interese pola lectura, o interese pola cultura e pola arte como recurso de comunicación e tamén a de desenvolver a confianza, autoestima, autonomía e o traballo en equipo. Os proxectos serán realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

A metodoloxía empregada será activa, participativa e dinámica. Realizaranse diferentes actividades ao longo de todo o curso: Actividades interactivas, tales como debates, concursos, vídeos, actividades en pequeno é gran grupo co obxectivo de favorecer o intercambio de ideas e que o alumnado mellore os seus coñecementos e habilidades necesarias para aumentar a súa confianza e capacidade para evitar situacións de risco, ademais de fomentar aspectos afectivo-sexuais como, por exemplo, no caso do proxecto "Xente con Don" e reforzar todas as competencias clave. Ademais da formación recibida a través do equipo docente que participa no programa, promoveremos que o alumnado teña acceso a información e formación externa aportada a través de charlas e talleres ofertados por outras entidades. Tamén veremos películas e promoveremos a compra de libros para a biblioteca, coas escollas feitas nalgunha ocasión polo propio alumnado.

O enfoque interdisciplinar implementárase colaborando nalgún dos proxectos con outras materias para crear un "supra" proxecto máis global que involucre a todo o alumnado do 4º curso nalgunha das actividades, adquirindo así un carácter dinamizador.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Diferentes materiais para traballo gráfico. |
| Ordenadores con conexión a internet e proxector con pantalla. |
| Materiais de consulta dos fondos da biblioteca: libros, revistas e películas. |
| Impresora, fotocopiadora, plastificadora. |

Os espazos nos que se desenvolverán as clases ao longo do curso serán a propia aula, a aula de debuxo, a aula de informática, a biblioteca do centro ou a sala de usos múltiples, en función da tipoloxía das actividades a desenvolver en cada un dos proxectos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de cada avaliación e, polo tanto, de cada proxecto, farase unha avaliación inicial sobre o tema . O sobxectivo é obter información sobre distintos aspectos, tales como posibles coñecementos previos do tema, dificultades de aprendizaxe no alumnado e/ou capacidades por riba da media do grupo. Esta información servirá para re-programar e facer as adaptacións precisas nas actividades a desenvolver, así como para a elaboración das actividades de reforzo e/ou de ampliación no caso de ser necesarias.

En función dos resultados obtidos, se se estima necesario por haber alumnado que precise medidas de carácter extraordinario, sempre coa intervención do departamento de orientación, levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 33 | 33 | 34 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

En cada un dos tres proxectos o alumnado presentará as tarefas solicitadas pola profesora, xa sexan individuais ou en grupo. Todas as tarefas serán avaliadas sobre 10. Aquelas tarefas non entregadas serán avaliadas cun 0 e as tarefas entregadas fóra de prazo poderán ver reducida a súa nota ata nun 20%.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, produtos finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere de adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión da Lectura | X | X | X |
| ET.2 - Expresión Oral e Escrita | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación Audiovisual | X | X | X |
| ET.4 - Competencia Dixital | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X |

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|-------------------------|----------|----------|----------|
| Participación en diferentes exposicións no centro. | Difusión dos proxectos. | X | X | X |

Observacións:

Presentación de certas tarefas de interese xeral ao resto do alumnado do centro

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado. |
| Participación activa de todo o alumnado. |
| Adecuación á temporalización das unidades didácticas. |
| Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado. |
| Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades. |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas. |
| Utilización dos distintos instrumentos de avaliación. |
| Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación. |

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O propio seguimento da programación será realizado en Proens, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normativa, e /ou deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados